


WOV
16/17/18
Fundación
Caixa Galicia | Rúa do Vilar, 19
Santiago de Compostela
18:00h | Entrada Libre

FAA 2010 **CREATIVIDADE**
Foro Academia Aberta **VIA CRISE:**
ADAPTARSE!
DESCABARSE!

Organiza:
 **ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL**

Patrocina:
 **XUNTA DE GALICIA**
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**

Colabora:

O BEIRO
vinoteca
Santiago de Compostela
www.obeiro.com



Dende hai algúns anos a palabra audiovisual semella asociada permanentemente á palabra crise... A ruptura da cadea de valor da produción audiovisual e as múltiples disfuncións das ventás tradicionais de explotación por mor das novas tecnoloxías de comunicación ou dos novos hábitos de lecer puxeron en evidencia o modelo clásico do negocio audiovisual. Os tempos xa son outros e xa non estamos diante dunha crise conxuntural senón estrutural. Non estaría de máis darlle unha pensada colectiva a esta situación e moi especialmente analizar algúns síntomas do agromar de novos xeitos de entender o traballo audiovisual e transformar así a “crise” en “oportunidade”.

Quizais sexa o momento de buscar alternativas de produción, financiamento, exhibición ou distribución. Alternativas que incidirán ademais no mesmo proceso da elección de historias ou contidos, no estilo e formas narrativas e no xeito de consumo da produción audiovisual.

Dende esta nova edición do Foro Academia Aberta pretendemos abrir unha pequena cancela que nos permita indagar e investigar, de forma profesional, novas vías de financiamento, de innovar na distribución dos produtos audiovisuais e mesmo de amosar outros xeitos de contar historias. En definitiva para seren conscientes de que precisamos entender e adaptármonos en positivo a estes novos tempos, e ademais porque neles poden estar as claves do futuro dos traballadores do noso audiovisual.

MESA INAUGURAL.
Martes 16 de novembro, 17.30 horas. -----

Acto de inauguración do Foro Academia Aberta 2010

MESA REDONDA:
O FINANCIAMENTO.
Martes 16 de novembro, 18.00 horas. -----

En tempos de crise é posible acadar financiamento para a produción de obras audiovisuais exitosas empregando vías alternativas ás clásicas? Está crebada a tradicional e necesaria relación da produción independente coas televisións?. Parece complicado, e sen embargo hai empresas e profesionais que están sendo capaces de construír proxectos viábeis en termos de financiamento.

Expoñen:

– **Luis Miñarro.** *Produtor de cine independente.*

Inicia a súa relación co cine a través da crítica cinematográfica e a organización de cineclubs durante o tardo franquismo. En 1989 crea en Barcelona a súa propia empresa, Eddie Saeta S. A., que se adica inicialmente á produción de spots publicitarios e máis tarde, á produción de longametraxes cinematográficas. Cunha estrutura de cinco persoas, en quince anos produciu vinte e tres filmes que representaron a España nos máis prestixiosos festivais internacionais. Entre outros, traballou con Manoel de Oliveira, Jose Luís Guerin, Marc Recha, Albert Serra, Lisandro Alonso, José María de Orbe... A súa aposta avoga claramente polo cine de autor e os novos realizadores.

– **Ruben Zarauza.** *Produtor.*

Comezou a súa andaina profesional na Fundación Cultural MEDIA, coordinando e realizando labores de loxística de diversos cursos de formación para produtores europeos (MEGA, Film Business School, Marketing & Distribution...). Nos seguintes anos traballou en Dygra Films encargándose do financiamento e das vendas internacionais de “O bosque animado” e “O sono dunha noite de San Xoán”, de Ángel de la Cruz.Despois de encargarse da produción executiva de “A noite que deixou de chover” de Alfonso Zarauza, pasou a traballar en Zinkia Entertainment tamén como produtor executivo e desenvolvemento de longametraxes e series de animación coma “Pocoyo, the movie” ou “The fishbone saga”. Actualmente é produtor executivo de Vozka Capital, empresa especializada en produción 360º.

– **Toni Carrizosa.** *Director de produción.*

Produtor executivo de Escándalo Films, produtora asociada á ESCAC e que intenta favorecer e posibilita-la incorporación de xoves creadores á industria do audiovisual. Actualmente empeza a postprodución da película “EVA” dirixida por Kike Maíllo e producida por Escándalo Films e Ran Entertainment (Francia). Tamén traballou coma director de produción de filmes como “Yo” de Rafa Cortés, “Wendy placa 20957” de Mireia Ros ou “Tres días con la familia” de Mar Coll, galardoadada entre outros premios co Goya 2010 á Mellor Dirección Novel.

Modera: Manolo González. *Coordinador de contidos do Foro Academia Aberta 2010.*

MESA REDONDA:
A EXPLOTACIÓN E DIFUSIÓN DAS OBRAS.
Mércores 17 de novembro, 18.00 horas.

Unha das debilidades tradicionais de gran parte do cinema español e moi en especial do galego son os procesos intermedios que posibilitan o contacto do publico coa obra audiovisual. Asemade, as novas tecnoloxías están a provocar notábeis disfuncións no modelo de negocio audiovisual. Sen embargo agroman no horizontes novas posibilidades e nichos de mercado mediante sistemas alternativos de distribución, promoción e consumo, que poden permitir ademais retornos á produción, restaurando a cadea de valor do audiovisual.

Expoñen:

– **Jaume Ripoll.** *Director de proxecto de Filmin.*

Desenvolveu a súa carreira entre o periodismo e o sector audiovisual. Dende 2007 alterna o seu traballo coma director editorial en Cameo, co desenvolvemento de Filmin, un ambicioso portal cinematográfico



creado sobre dous principios: axudar a difundir a obra dos talentos emerxentes e dispoñer en formato streaming dun selecto catálogo de títulos que representen os mellores filmes de cine independente e de autor dos últimos anos. Filmin ten a honra de ser o único proxecto español de distribución online de longametraxes que conta co apoio do programa Media da Unión Europea e o primeiro en apostar polo modelo de subscrición.

– **Jorge Carrasco.** *Especialista en cine dixital.*

Traballa no cine e a televisión dende 1989, cando comezou coma meritorio en ¡Ay Carmela!, de Carlos Saura. Ultimamente adícase a temas de distribución independente, proxeccións dixitais e estereoscopía 3D, mesturando os seus tempos libres coas matemáticas de Fermat. Os seus últimos proxectos son Cine Urgente, unha iniciativa de auto distribución en salas; “Papá Insecto”, unha curtametraxe 3D de ficción real recen rodado; “Cine y TV Digital. Manual Técnico”, libro editado pola universidade de Barcelona e a ESCAC.

– **María Yáñez.** *Produtora de contidos de A Navalla Suíza.*

É xornalista e produtora de contidos para a rede, e investigadora en narrativas dixitais e transmedia na Universidade de Santiago de Compostela. Socia fundadora de A Navalla Suíza, empresa de comunicación en internet, responsable de proxectos como Flocos. TV (Premio Mestre Mateo 08 á Mellor Obra Interactiva), os web documentais colectivos “ Eu falo” ou “Memoria de Muller”, ou a plataforma de teatro online RedeNasa.TV. En abril do 2010 foron gañadores do certame Content 360º no MIPTV na categoría “Next Generation Online Video Experience”, obtendo un contrato co National Film Board de Canadá para o desenvolvemento dun novo reprodutor de vídeo semántico con contidos xeo localizados.

Modera: Pepe Coira. *Vicepresidente da Academia Galega do Audiovisual*

MESA REDONDA:
OS CREADORES.
Xoves 18 de novembro, 18.00 horas. -----

A pesares da crise xeral no que está sumido o sector, existen creadores que seguen sacando adiante os seus filmes baixo a etiqueta “de baixo orzamento” e acadando importantes éxitos dentro e fora das nosas fronteiras.

Outra cuestión a ter en conta é se estas novas alternativas que se nos presentan nos obrigarán a buscar tamén alternativas na elección de historias, nas formas narrativas ou mesmo na forma en que o público demanda produción audiovisual.

Expoñen:

– **Albert Serra.** *Director.*

Fai a súa primeira longametraxe en 2003, “Crespià, the film not the village”, que non se chegou a estrear comercialmente. “Honor de Cavallería”, a súa segunda película presentouse no Festival Internacional de Cine de Cannes, no que o cineasta é querido e apoiado e onde deu a coñecer toda a súa filmografía. Este filme estivo case dous anos en cartel en Francia e gañou o V Premio Barcelona de Cine á mellor dirección novel é a mellor película en versión orixinal en catalán. En 2008 grava “El cant dels ocells”, Premio Gaudí en 2009 á Mellor Película. Prepara o seu próximo proxecto no que por primeira vez traballará con algún actor profesional e que será unha adaptación mesturando o mito de Drácula, Casanova e os libertinos do século XVIII.

– **Ángel Santos Touza.** *Director.*

Realiza curtametraxes nos máis diversos formatos dende 2002, entre as que destaca “O Cazador” (Matriuska Producciones, 2008), adaptación dun relato de Anton Chéjov. Actualmente atópase na fase de posprodución da súa primeira longametraxe “Dos fragmentos/ Eva”, protagonizada por Iria Pinheiro, Isak Ferriz e Fernando Tielve e producida por Matriuska Producciones. Imparte regularmente cursos e charlas sobre cine e, dende 2005, é membro da redacción da revista dixital de análise cinematográfica ‘Miradas de Cine’.

– **Mario Iglesias.** *Director.*

Comeza a súa andaina no audiovisual a finais dos 90 no mundo da curtametraxe, xa premiado dende entón en diferentes festivais. A partir de 2005 monta a súa propia produtora e comeza a realizar longametraxes. O seu primeiro título é “De bares”, Premio Especial do xurado no Festival de Cine Independente de Ourense, na Sección Punto de Encuentro da “Seminci” en Valladolid, na Sección Oficial no 24º Festival EuropaCinema de Viarriego (Italia), Montpellier, Bogocine de Bogotá e varios festivais internacionais máis. Despois virían a dirección, guión e montaxe de “Catalina”, “Cartas italianas” ou “Relatos”, filme seleccionado na Sección oficial do Festival de Tokio, sección “Made in Spain” do Festival de San Sebastián e cualificadª pola Internacional FilmGuide entre as cinco mellores películas españolas do 2009. Na actualidade está na fase de realización da súa última longa, “Rosario”.

– **Olaia Sendón.** *Documentalista*

É licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade Autónoma de Barcelona e dende o ano 2003 profesora na Escola de Imaxe e Son da Coruña. No ano 2006 realiza un documental chamado “A Casa de Lola de Andrés”, que pese ao seu limitado orzamento alcanza certa repercusión. No 2007 nace “Os fabulosos irmáns da luz” que, como parte de Derradeira Sesión, viaxa, entre outros lares, ao SQHContemporary (Shanghai). Fóra do ámbito documental, realiza traballos para Berrogietto cunha peza audiovisual que se inclúe no disco Kosmogonías, e unha das instalacións que conforman o traballo “Pequeñas superficies” (pendente de estrea) foi elixida para formar parte da 11 Mostra internacional Gas Natural Fenosa.

Modera: X. Manuel Sande. *Programador do CGAI*

Academia Galega do Audiovisual
Praza Pintor Sotomayor s/n, 2º
15.001, A Coruña
Tel// 981 22 77 01/981 20 83 93
info@academiagalegadoaudiovisual.com
www.academiagalegadoaudiovisual.com



Desde hace algunos años la palabra audiovisual parece que esta asociada permanentemente a la palabra crisis... La ruptura de la cadena de valor de la producción audiovisual y las múltiples disfunciones de las ventanas tradicionales de explotación debido a las nuevas tecnologías de comunicación o de los nuevos hábitos de ocio han puesto en evidencia el modelo clásico del negocio audiovisual. Los tiempos ya son otros y ya no estamos delante de una crisis coyuntural sino estructural. No estaría de más que entre todos reflexionásemos sobre esta situación y muy especialmente analizásemos algunos síntomas que nacen de nuevas formas de entender el trabajo audiovisual y de transformar así la “crisis” en “oportunidad”.

Quizá sea el momento de buscar alternativas de producción, financiación, exhibición o distribución. Alternativas que incidirán además en el mismo proceso de elección de historias o contenido, en el estilo y formas narrativas y en la forma de consumo de la producción audiovisual. Desde esta nueva edición de Foro Academia Aberta pretendemos abrir una pequeña ventana que nos permita indagar e investigar, de forma profesional, nuevas vías de financiación, de innovar en la distribución de los productos audiovisuales e incluso mostrar otras formas de contar historias. En definitiva, para ser conscientes de que necesitamos entender y adaptarnos en positivo a estos nuevos tiempos, y además porque en ellos puede estar las claves del futuro de los trabajadores de nuestro audiovisual.

MESA INAUGURAL.
Martes 16 de noviembre, 17.30 horas. -----

Acto de inauguración del Foro Academia Aberta 2010.

MESA REDONDA:
LA FINANCIACIÓN.
Martes 16 de noviembre, 18.00 horas. -----

¿En tiempos de crisis es posible conseguir financiación para la producción de obras audiovisuales exitosas utilizando vías alternativas a las clásicas? ¿Está rota la tradicional y necesaria relación de la producción independiente con las televisiones? Parece complicado, y sin embargo hay empresas y profesionales que están siendo capaces de construir proyectos viables en términos de financiación.

Exponen:

– **Luis Miñarro.** *Produtor de cine independiente.*

Inicia su relación con el cine a través de la crítica cinematográfica y la organización de cine-clubes durante el tardo franquismo.

En 1989 crea en Barcelona su propia empresa, Eddie Saeta S. A., que se dedica inicialmente a la producción de spots publicitarios y más tarde, a la producción de largometrajes cinematográficos. Con una estructura de cinco personas, en quince años ha producido veintitris filmes que han representado a España en los más prestigiosos festivales internacionales. Entre otros, ha trabajado con Manoel de Oliveira, Jose Luis Guerin, Marc Recha, Albert Serra, Lisandro Alonso, José María de Orbe... Su apuesta aboga claramente por el cine de autor y los nuevos realizadores.

– **Rubén Zarauza.** *Produtor*

Inició su carrera profesional en la Fundación Cultural MEDIA, coordinando y realizando labores de logística de diversos cursos de formación para productores europeos (MEGA, Film Business School, Marketing & Distribución,...). En los siguientes años trabajó en Dygra Films encargándose de la financiación y de las ventas internacionales de “O bosque animado” y “O sono dunha noite de San Xoán”, de Ángel de la Cruz. Después de encargarse de la producción ejecutiva de “La noche que dejó de llover” de Alfonso Zarauza, pasó a trabajar en Zinkia Entertainment también como productor ejecutivo y de desarrollo de largometrajes y series de animación como “Pocoyo, the movie” o “The fishbone saga”. Actualmente es productor ejecutivo de Vozka Capital, empresa especializada en producción 360º.

– **Toni Carrizosa.** *Director de produción.*

Productor ejecutivo de Escándalo Films, produtora asociada a la ESCAC y que intenta favorecer y posibilitar la incorporación de jóvenes creadores a la industria del audiovisual. Actualmente empieza la postproducción de la película “EVA” dirigida por Kike Maíllo y producida por Escándalo Films y Ran Entertainment (Francia). También ha trabajado como director de producción de filmes como “Yo” de Rafa Cortés, “Wendy placa 20957” de Mireia Ros o “Tres días con la familia” de Mar Coll, galardorada entre otros premios con el Goya 2010 a la Mejor Dirección Novel.

Modera: Manolo González. *Coordinador de contenidos del Foro Academia Aberta 2010.*

MESA REDONDA:
LA EXPLOTACIÓN Y DIFUSIÓN DE LAS OBRAS.
Miércoles17 de noviembre, 18.00 horas. -----

Una de las debilidades tradicionales de gran parte del cine español, y muy en especial del gallego, son los procesos intermedios que posibilitan el contacto del público con la obra audiovisual. Asimismo, las nuevas tecnologías están provocando notables disfunciones en el modelo del negocio audiovisual. Sin embargo aparecen en el horizonte nuevas posibilidades y nichos de mercado mediante sistemas alternativos de distribución, promoción y consumo, que pueden permitir además retornos a la producción, restaurando la cadena de valor del audiovisual.

Exponen:

– **Jaume Ripoll.** *Director de proxecto de Filmin.*

Ha desarrollado su carrera entre el periodismo y el sector audiovisual. Desde 2007 alterna su trabajo como Director Editorial en Cameo,

** Ao remate das xornadas ofrecerase un viño a tódolos asistentes na vinoteca “O Beiro” (Rúa Raiña, 3)*

** Al finalizar las jornadas se ofrecerá un vino a todos los asistentes en la vinoteca “O Beiro” (Calle Raiña, 3)*



con el desarrollo de Filmin, un ambicioso portal cinematográfico creado sobre dos principios: ayudar a difundir la obra de los talentos emergentes y disponer en formato streaming de un selecto catálogo de títulos que representen los mejores films de cine independiente y de autor de los últimos años. Filmin tiene el honor de ser el único proyecto español de distribución online de largometrajes que cuenta con el apoyo del programa Media de la Unión Europea y el primero en apostar por el modelo de suscripción.

– **Jorge Carrasco.** *Especialista en cine digital.*

Trabaja en el cine y la televisión desde 1989, cuando comenzó como meritorio en ¡Ay Carmela!, de Carlos Saura. Últimamente se dedica a temas de distribución independiente, proyecciones digitales y estereoscopía 3D, mezclando sus tiempos libres con las matemáticas de Fermat. Sus últimos proyectos son Cine Urgente, una iniciativa de autodistribución en salas; “Papá Insecto”, un cortometraje 3D de ficción real recién rodado; “Cine y TV Digital. Manual Técnico”, libro editado por la universidad de Barcelona y la ESCAC.

– **María Yáñez.** *Produtora de contenidos de A Navalla Suíza.*

Es periodista y produtora de contenidos para la red e investigadora en narrativas digitales y transmedia en la Universidad de Santiago de Compostela. Socia fundadora de A Navalla Suíza, empresa de comunicación en Internet, responsable de proyectos como Flocos. TV (Premio Mestre Mateo 08 a la Mejor Obra Interactiva), los web documentales colectivos “Eu falo” o “Memoria de muller” o la plataforma del teatro on line RedeNasa.TV. En abril de 2010 ganaron el certamen Content 360º en el MIPTV en la categoría “Next Generation Online Video Experience”, obteniendo un contrato con Nacional Film Borrard de Canadá para el desarrollo de un nuevo reproductor de vídeo semántico con contenidos geolocalizados.

Modera: Pepe Coira. *Vicepresidente da Academia Galega do Audiovisual*

MESA REDONDA:
LOS CREADORES.
Jueves 18 de noviembre, 18.00 horas. -----

A pesar de la crisis general que en la que está sumido el sector, existen creadores que siguen sacando adelante sus películas bajo la etiqueta “de bajo presupuesto” y consiguiendo importantes éxitos dentro y fuera de nuestras fronteras.

Otra cuestión a tener en cuenta es si estas nuevas alternativas que se nos presentan nos obligarán a buscar también alternativas en la elección de historias, en las formas narrativas o incluso en la forma en la que el público demanda produción audiovisual.

Exponen:

– **Albert Serra.** *Director*

Hace su primer largometraje en 2003, “Crespià, the film not the village”, que no se llegó a estrenar comercialmente. “Honor de Caballería”, su segunda película, se presentó en el Festival Internacional de Cine de Cannes, en el que el cineasta es querido y apoyado y donde dio a conocer toda su filmografía. Este filme estuvo casi dos años en cartel en Francia y ganó el V Premios Barcelona de Cine a la mejor dirección novel y a la mejor película en versión original en catalán. En 2008 graba “El cant dels ocells”, Premio Gaudí en 2009 a la Mejor Película. Prepara su próximo proyecto en el que por primera vez trabajará con algún actor profesional y que será una adaptación mezclando el mito de Drácula, Casanova y los libertinos del siglo XVIII.

– **Ángel Santos Touza.** *Director*

Realiza cortometrajes en los más diversos formatos desde 2002, entre las que destaca “O cazador” (Matriuska Producciones, 2008), adaptación de un relato de Anton Chéjov. Actualmente se encuentra en fase de posproducción de su primer largometraje “Dos fragmentos/Eva”, protagonizada por Iria Pinheiro, Isak Ferriz y Fernando Tielve y producida por Matriuska Producciones. Imparte regularmente cursos y charlas sobre cine y desde 2005 es miembro de la redacción de la revista digital de análisis cinematográfica “Miradas de Cine”.

– **Mario Iglesias.** *Director*

Inicia su carrera en el audiovisual a finales de los 90 en el mundo de los cortometrajes ya premiado desde entonces en diferentes festivales. A partir de 2005 monta su propia produtora y empieza a realizar largometrajes. Su primer título es “De bares”, Premio Especial del Jurado en el Festival de Cine Independiente de Ourense, en la Sección Punto de Encuentro de la “Seminci” en Valladolid, en la Sección Oficial en el 24º Festival de Viarriego (Italia), Montpellier, Bogocine de Bogotá y varios festivales internacionales más. Después vendría la dirección, guión y montaje de “Catalina”, “Cartas italianas” o “Relatos”, filme seleccionado en la Sección Oficial del Festival de Tokio, sección “Made in Spain” del Festival de San Sebastián y calificada por la Internacional Film Guide entre las cinco mejores películas españolas del 2009. En la actualidad está en la fase de realización de su último largo “Rosario”.

– **Olaia Sendón.** *Documentalista*

Es licenciada en Comunicación Audiovisual por la Universidad Autónoma de Barcelona y desde el año 2003 profesora en la Escuela de Imagen y Sonido de A Coruña. En el año 2006 realiza un documental llamado “A Casa de Lola de Andrés”, que pese a su limitado presupuesto alcanza cierta repercusión. En 2007 nace “Os fabulosos irmáns da luz” que, como parte de Derradeira Sesión, viaxa, entre otros lugares, al SQHContemporary (Shanghai). Fuera del ámbito documental, realiza trabajos para Berrogietto con una pieza audiovisual que se incluye en el disco Kosmogonías, y una de las instalaciones que conforman el trabajo “Pequeñas superficies” (pendiente de estreno) fue elegida para formar parte de la 11 Mostra internacional Gas Natural Fenosa.

Modera: X. Manuel Sande. *Programador del CGAI*